

ABRACA DABRA

**CON CERTO (DESEXO)
DE VACACIÓNS**

PASATEMPOS

GALERÍA DE FOTOS

LECTURAS REFRESCANTES

QUE HAI DE NOVO?



**Deputación
DA CORUÑA**

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

CON CERTO (DESEXO) DE VACACIONS

Naranara... narananá... parapapáaaaa Siiii! Ah! Ola! Ha, ha, ha, ha. Pillástesme infraganti... Non pensedes que toleei nin nada polo estilo. É que a felicidade me desborda e a música corre polas miñas veas. Encántame o verán, as vacacións e a música e precisamente estou de vacacións, é verán e a cantidade de concertos aos que penso tentar ir faime sorrir sen parar, saltar de alegría, cantar, bailar, tocar a batería e a guitarra imaxinarias e... en fin... que vos vou contar que non saibades. Supoño que a vós pásavos igual, non?

A verdade, que duns anos para aquí, a oferta de música que podemos atopar sen saír da provincia é unha pasada. E se ampliamos un pouco máis o territorio xa nin vos conto. Agora o difícil xa non é atopar un concerto ao que che apeteza ir. O difícil é elixir e convencer os teus pais para que che deixen ir ao maior número posible. Pero, é que a música é cultura, é arte, é forma de expresión,... Vaia, que os meus pais teñen que estar encantados de que queira mergullarme neste océano cultural cheo de notas musicais. En fin, que me puxen a buscar un pouquiño por internet e saíronme unha chea de cousiñas con boa pinta e para todos os gustos. É verdade, que moitos festivais aínda non teñen todos os grupos confirmados, e mesmo, algún non ten nin as datas... Así que haberá que seguir mirando de cando en vez. Polo momento déixovos algúns nomes que me saíron nunha primeira procura, pero lembrade que non están todos os que son... Teño que poñerme un día a mirar isto a fondo...



Vexamos, por onde empezamos? Ah, si. Os festivais que se poderán gozar este ano, na provincia da Coruña. Dividímolos por estilos musicais? Veña, tentémolo. De música rock atopei, de momento, o Castelo Rock Muros (21 e 22 de xullo), O Rock in Cambre (o 5 de agosto) ou o Fene Rock (22, 23 e 24 de setembro), tamén se sumará á música pop-rock, o indie, hip-hop e a música electrónica no Ferrol Verán Festival (2 de xullo), Festival das Carrilanas de Esteiro (do 14 ao 16 de xullo en Muros), o Recorda Fest (8 e 9 de setembro en Culleredo), Noroeste Pop Rock (agosto, aínda que as datas están aínda por confirmar), Festival da luz (25, 26 e 27 de agosto en Boimorto), ou O Gozo Festival (8 de xullo en Santiago) e, non nos esquezamos da música Folk e Celta no Festival de Ortigueira (9 ao 16 de xullo) ou na Carballeira de Zas (11 e 12 de agosto). Ah!!! E os e as amantes do blues pódense pasar polo Fisterra Blues Experience (30 de xuño e 1 e 2 de xullo). Nestes festivais poderemos dálo todo con grupos como: Dakidarría, o Drogas, Ilegales, Heredeiros da Crus, Sex Museum, Iván Ferreiro, Robbie Williams, Black Eyed Peas, Talisk, Tanxugueiras, Xabier Díaz ou Red Hot Chilli Pipers entre outros moitos máis.

Ademais dos festis tamén haberá distintos concertos no Coliseum, o Palacio da Ópera ou o Porto, no que podemos atopar nomes como Myke Towers (7 de xullo), Scorpions (13 de xullo), Joaquín Sabina (14 e 16 de xullo), Marea (22 de xullo), David Bisbal (16 de setembro) ou Pablo Alborán (30 de setembro).

Ah!!! E por suposto, ao longo e ancho de toda a provincia poderás bailotear ao son de distintas orquestras como París de Noia, Panorama ou o Combo Dominicano por citar algunha das máis coñecidas, nas verbenas que salpican toda a nosa xeografía como a Romaría dos Milagros de Caión ou a Romaría da nosa Señora da Barca en Muxía.

Doutra banda, se non vos importa movervos da provincia, a oferta amplíase, así, só por mencionar algún dos máis coñecidos, está o Resurrection Fest (28, 29 e 30 de xuño e 1 de xullo... Ouhh non!!! A este xa non chego!!!), (Caudal Fest (15 e 16 de setembro en Lugo), o Portamérica (13, 14 e 15 de xullo en Caldas de Reis), o Atlantic Fest (21, 22 e 23 de xullo en Vilagarcía de Arousa), o SonRías Baixas (3, 4 e 5 de agosto en Bueu), o Sarria Blues no Camiño (3 ao 6 de agosto),... Claro que si, mamá! Vou agora mesmo.

En fin, teño que deixavos que a miña nai está a preguntarme se podo ir a un recado que lle corre preza, e claro, vou ser super servicial e modelo a seguir, porque quero pedirlle que me deixe ir a unha chea de concertos, festas, romarías,... e todo o que se me ocorra este verán. Ah!!! E se vos decatades dalgún festival, festón ou demais deixádeme unha nota na Sección Xuvenil da Biblioteca, porque non quero perderme nada.

Feliz verán de concertazos a todas e todos! Vémonos no próximo número!

PASATEMPOS

Que mellor maneira de empezar o verán que con risas, así que aquí vos deixamos algúns dos **CHISTES** que nos fostes deixando para rir sen parar.

Están dos amigos y uno le dice a otro: - Mi perro sabe decir su nombre
- ¡En serio! ¿Y cómo se llama?
- Guau

La importancia de poner o no acento: - Me pilló el radar a cincuenta.
- Me pilló el radar acento cincuenta.

Se encuentran dos amigos y uno le dice al otro:
- ¡Hombre, cuánto tiempo! Mira, te presento, ésta es mi hija la menor.
- El otro se queda pensativo y contesta: - Pues este es mi hijo, fa sostenido.

Se encuentran dos amigos por la calle y uno le pregunta al otro:
-¿Cómo le va con el violín a tu hijo?
-Muy bien. Le han pagado una beca para que termine los estudios en Viena.
-¡Que suerte! ¿Quién se la ha pagado? ¿El conservatorio?
-No, los vecinos.

- ¿Qué música es la que más te gusta?
- Jazz.
- Nunca lo hubiese dicho.
¿De verdad escuchas jazz?
- Sí. Escucho a Jazztin Bieber.

PASATEMPOS

E, aquí propoñémosvos un **ENCRUCILLADO** cheo de música.


Horizontais

1. Marc Ros, Jesús Senra e Axel Pi estarán no Caudal Fest de Lugo deste ano. Sabes o nome do grupo?
2. Nuclear, Pólvora, Monstruos ou Cuando te muerdes el labio son discos de....
3. Que grupo de pandereteiras que estivo na final do Benidorm Fest 2022, poderemos ver no festival Carrilanas de Esteiro, en Muros?


Verticais

1. Carolina de Juan, máis coñecida como Nina, é a compoñente dunha banda de rock nacida en Madrid en 2012, que estará este ano en Vive Nigrán. Sabes de que banda se trata?
2. Que banda fundada en 2003 de ska, punk e reggae poderemos ver este ano no Castelo Rock Muros?
3. Onde se celebra o festival SonRías Baixas?

Como estades de agudeza visual? **Se queredes comprobalo, aquí vos deixamos dúas imaxes con 7 DIFERENZAS.** Cantas sodes capaces de atopar?



E, para rematar, un **XEROGLÍFICO**.



Que grupo estará no Caudal Fest?

GALERÍA

Parabéns aos gañadores/as do **XI CONCURSO PALABRAS DE AMOR "#140ENPOSITIVO"**.



LECTURAS REFRESCANTES

Por fin chegan as vacacións de verán e imos levar a cabo unha chea de plans divertidos, saír cos amigos, ir á praia, a concertos,... Que ganas! E tamén gozar dunha boa lectura refrescante. Veña, a que esperas? Vén á biblioteca e escolle a túa lectura favorita, hai moitísimas onde elixir. Agardámoste!

Aquí deixamos unha pequena selección, por se tes dúbidas de cal escoller.

Novela Gráfica

Don Drácula / Osamu Tezuka. C TEZ don / m
La Guardiania de las polillas / de Katie O'Neill. C ONE gua / a
Aldara: a lenda do cervo branco / Inés Vázquez. C VÁZ ald / a
Tokyo Revengers / Ken Wakui. C WAK tok / m
Fairy Oak: el destino de una hada / Elisabetta Gnone. C GNO fai / a
Los 5 mundos. Libro 1, El guerrero de arena / Mark Siegel, Alexis Siegel [texto]. C SIE cin / v
Cuando brillan las estrellas: una historia inolvidable / Victoria Jamieson y Omar Mohamed. C JAM Cua / v
Lore Olympus: cuentos del Olimpo / Rachel Smythe; [Noemí Risco Mateo por la traducción]. C SMY lor / m
La magia continúa / Kazuo Ogasu. C OGA mag / m

De 9 a 12 anos

Más valiente que Napoleón / Mónica Rodríguez. N ROD más
Plan de rescate / Antía Yáñez. N YÁÑ pla
Sherlock Holmes: los tres estudiantes / Sir Arthur Conan Doyle. N DOY she
La Mansión infinita (Los Devora misterios; 1) / Celia Año. N AÑO dev
Historias superguáis de miedo (Diario de Rowley) / Jeff Kinney. N DIA
Dona Problemas / El Hematocrítico. N HEM don

Mortiña: o amigo fantasma / texto e ilustracións de Barbara Cantini. N CAN mor

A Señorita Bubble / Leticia Costas. N COS señ

De 12 a 15 anos

Maldiciones y mitos / Rick Riordan. N RIO mal
La increíble historia de la abuela gánster ataca de nuevo / David Walliams. N INC
El Verano en que llegaron los lobos / Patricia García-Rojo. N GAR ver
Crímenes ilustrados: ¿Quién es el asesino? / Modesto García. 79 GAR crí
La Última cuentista / Donna Barba Higuera. N BAR últ
Skandar y el ladrón del unicornio / A.F. Steadman. N STE ska
Detectives extraescolares: misterioso cambio en la biblioteca / Enrique Carlos Martín. N MAR det
Sophie Foster: la guardiana de las ciudades perdidas / Shannon Messenger. N MES sop

De 15 a 18 anos

Que me pare o corazón se te esquezo / Andrea Maceiras. N MAC que
Tim Te Maro y la magia de los corazones rotos / [H. S. Valley; traducción María Laura Saccardo]. N VAL tim
La princesa de las almas / Alexandra Christo. N CHR pri
La casa de las lenguas / James Dashner. N DAS cas
Si lo dicta el corazón / María Menéndez-Ponte. N MEN sil
Sin corazón / Marissa Meyer. N MEY sin
Kate & Ethan (Amores Platónicos; 1) / Ines Garber. N GAR kat
Ciudades de humo / Joana Marcus. (Trilogía Fuego; 1). N MAR fue

SOLUCIÓN DOS PASATEMPOS



ENCrucillado

Horizontais: 1. Sidonie; 2. Leiva; 3. Tanxugueiras. **Verticais:** 1. Morgan; 2. Dakidarría; 3. Bueu.

XEROGLIFO

Escuchando Elefantes

QUE HAI DE NOVO...?

* **ACTIVIDADES.** Este verán chega cheo de actividades: se tes de 7 a 14 anos, agardámoste nos **"OBRADOIROS DE PINTURA"** impartidos por Luisa Valdés. E se tes de 12 a 17 anos e che gusta o cinema, apúntate ao **"OBRADOIRO DE CINE"**, no que poderás dirixir e actuar na túa propia curtametraxe. Infórmate na biblioteca, na web ou chama ao 981 080 171

* **MULTIPLICAMOS POR DOUS OS PRÉSTAMOS.** Este verán, para que poidades ler máis e con máis comodidade, aumentamos o número de materiais para levar a casa, agora poderás levar 6 libros, 4 DVD e 2 revistas. Anímate!!!

* **PRÉSTAMO DIXITAL.** Se tes de 15 a 17 anos e tamén che gusta ler en dixital, non agardes máis e dáte de alta na biblioteca dixital **EbiblioDaCoruna**. Poderás gozar, de forma gratuíta, dun préstamo dixital de libros, revistas, audiolibros, e outros contidos dixitais das máis variadas temáticas. É moi sinxelo,

consulta na biblioteca ou na páxina web www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info

* **RESERVAS E RENOVACIÓNS.** Podedes facelas na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

* **BOLETÍNS DE NOVIDADES.** Se che interesa estar ao día coas novidades que nos chegan á biblioteca, podes consultar **os boletíns, mes a mes, na páxina web, na sección de cero a dezaioito - imos ver.**

* **HORARIO.** En verán tamén abrimos pola mañá e pola tarde, **de 10.30 a 13.30 h e de 17.00 a 20.15 h. Sábados pechado.**

Lembrámostos que tamén estamos na rede



Biblioteca Provincial da
Deputación da Coruña
Sección Infantil e Xuvenil
R/Riego de Agua, 37 - 15001 A Coruña.
Tfno: 981 080 171
Depósito Legal: C 4802-2008